

Probas selectivas para cubrir dúas prazas da categoría profesional de técnico/a especialista de escola infantil da Universidade de Santiago de Compostela, convocadas por resolución reitoral do 24 de novembro de 2022.

Exercicio: 3º exercicio, suposto práctico.

Duración: 60 minutos.

Non abra este caderno ata que llo indique o tribunal

(Galego)

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2024

Traballa vostede nunha escola infantil pertencente a un campus universitario galego como técnico/a especialista de escola infantil, cunha xornada laboral de 9.00h a 16.00h. Atópase desenvolvendo o traballo de titor/a nunha aula de 15 nenos/as de 2-3 anos. Estamos a mediados de curso e acaba de incorporarse unha nena de orixe belga. Na aula está presente outro neno que, ultimamente e de xeito recorrente, presenta un comportamento máis agresivo e da patadas ao resto de nenos/as. Na xornada de hoxe, unha compañía de teatro realizará a presentación da obra “O mercado de abastos na cidade” na escola.

Como titor/a do grupo, debe facer unha proposta argumentada e organizar as rutinas diarias da aula tendo en conta esta actividade e as características do grupo-clase.